



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Novembro 2020

CONCELLO DE A CORUÑA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

		Novembro 2020
VIAXEIROS	Nº	7.353
	Var. 20/19	-76,8%
PERNOCTACIÓNS	Nº	25.374
	Var. 20/19	-63,3%
ESTADIA MEDIA	Nº	3,45
	Var. 20/19	58,5%
OCUPACIÓN (%)	%	17,80%
	Var. 20/19	-27,36
ADR (€)	€	44,5 €
	Var. 20/19	-26,6%
RevPAR (€)	€	7,0 €
	Var. 20/19	-81,3%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Novembro 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	6.495
	Var. 20/19	-75,3%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	858
	Var. 20/19	-84,1%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	19.216
	Var. 20/19	-66,0%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	6.158
	Var. 20/19	-51,2%

NOVEMBRO 2020

- No pasado mes de novembro rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 77% e o volume de noites un 63% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto de expansión da segunda ola da pandemia que leva á declaración do estado de alarma o 25 de outubro acompañada de diversas restricións a nivel estatal, autonómico e local, contrasta coa dinámica observada nos últimos anos onde se observa un incremento continuo no período 2015-18 previo ao leve descenso rexistrado en 2019 –do 10%- . A forte caída deste ano deixa o nivel final de demanda do mes de novembro en mínimos da serie histórica con algo máis de 25 mil noites.

- Neste sentido A Coruña é, xunto con Vigo, o destino urbano de Galicia con maior nivel de demanda hoteleira neste penúltimo mes do ano.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores e deixa o volume final en algo máis de sete mil.
- O comportamento da demanda hoteleira en A Coruña neste mes de novembro vai na liña do observado nos meses anteriores deste 2020. Tanto no verán coma nos meses de setembro e outubro o volume de noites descende en termos interanuais en porcentaxes que superan o 50% en todos os casos.
- O 76% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 24% restante é de orixe internacional.
- Neste mes de novembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 66% o turismo de ámbito nacional e do 51% o internacional, porcentaxes referidas ás pernoctacións e que veñen como consecuencia de descensos paralelos da cifra de viaxeiros aloxados amortiguados por melloras da estadía media.
- En termos comparativos, e por vez primeira neste ano, o mercado internacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 18% do total das noites hoteleiras en novembro do pasado ano ao 24% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica-. O peso do segmento nacional baixa a mínimos cun 76% do total.
- Neste contexto negativo rexístrase unha notable mellora da estadía media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, sobe un 58% para situarse en 3,5 noites –cifra que supón un máximo na serie histórica do mes de novembro e que paralelamente se sitúa na segunda máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, por detrás de Ferrol-. A estadía media sobe para os dous segmentos de mercado, situándose en 3,0 noites para o viaxeiro nacional e en 7,2 noites para o internacional –cifra que triplica o dato do pasado ano-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se rexistra unha leve caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas descende un 6,6% en relación a novembro do pasado ano con preto de 4.800 no conxunto da cidade.
- Tal circunstancia leva a que se rexistre neste mes un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 45,2% en novembro do pasado ano ao 17,8% deste ano-. A perda supera os 27 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano en mínimos da serie histórica mais por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén e de forma notable neste penúltimo mes do ano –un 27% en particular- situándose en 44,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae nun 81% para situarse en 7,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de novembro 2012-20



CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

		Novembro 2020
VIAXEIROS	Nº	796
	Var. 20/19	-80,8%
PERNOCTACIÓNS	Nº	4.066
	Var. 20/19	-53,0%
ESTADIA MEDIA	Nº	5,11
	Var. 20/19	144,6%
OCUPACIÓN (%)	%	18,7%
	Var. 20/19	-12,66

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Novembro 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	721
	Var. 20/19	-78,0%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	75
	Var. 20/19	-91,4%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	3.338
	Var. 20/19	-41,3%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	728
	Var. 20/19	-75,5%

NOVEMBRO 2020

- No pasado mes de novembro rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. A cifra de viaxeiros aloxados descende nun 81% e o volume de noites nun 53% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes pero inferiores ás dos restantes destinos urbanos de Galicia. Neste sentido Ferrol é a cidade que presenta o mellor comportamento en termos relativos neste mes, circunstancia que xa acontecía en setembro e outubro.
- En realidade, consegue manter entorno á metade do total das noites hoteleiras rexistradas en novembro do pasado ano.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto covid19, contrasta cos incrementos rexistrados nos dous últimos anos –de intensidade variable- que situaron o volume final de 2019 en preto de nove mil noites. O descenso deste ano sitúa o nivel final en catro mil –a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso neste mes que coloca o nivel final por debaixo dos mil.

- Neste mes o 82% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 18% restante é de orixe internacional.
- En novembro obsérvase un comportamento parello dos dous segmentos de mercado no sentido de que ambos amosan caídas en termos interanuais. O turismo nacional descende un 41% - rexistrando máis de tres mil noites- mentres que o internacional cae un 75% -con menos de mil pernoctacións nos hoteis e pensións da cidade-.
- O mellor comportamento relativo do turismo nacional leva a que neste mes mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 66% do total das noites hoteleiras en novembro do pasado ano ao 82% actual. A diferenza supera os 16 puntos e afecta no sentido inverso ao mercado internacional.
- Neste contexto negativo rexístrase un notable incremento da estadía media global nos hoteis e pensións da cidade. En particular, supera en máis do dobre a cifra do pasado ano para situarse en 5,1 noites –a cifra máis alta dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce paralelamente unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae un 21% en relación ao pasado ano, con pouco máis de 700 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 200 prazas menos que en novembro de 2019-.
- O descenso da demanda prodúcese, por tanto, nun contexto de descenso da oferta dispoñible pero de menor intensidade, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación – pasa do 31,3% en novembro do pasado ano ao 18,7% actual-. A perda supera os doce puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na segunda máis alta dos destinos urbanos de Galicia –en setembro e outubro conseguira marcar a porcentaxe máis elevada-.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de novembro 2015-20



CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

		Novembro 2020
VIAXEIROS	Nº	3.364
	Var. 20/19	-69,6%
PERNOCTACIÓNS	Nº	6.227
	Var. 20/19	-69,0%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,85
	Var. 20/19	2,0%
OCUPACIÓN (%)	%	16,02%
	Var. 20/19	-23,39
ADR (€)	€	41,9 €
	Var. 20/19	-7,4%
RevPAR (€)	€	10,7 €
	Var. 20/19	-49,2%


Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

		Novembro 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	3.119
	Var. 20/19	-69,4%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	245
	Var. 20/19	-71,3%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	5.862
	Var. 20/19	-68,2%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	365
	Var. 20/19	-78,0%

NOVEMBRO 2020

- No pasado mes de novembro rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 70% e o volume de noites un 69% en relación ao mesmo período do pasado ano, porcentaxes que se sitúan levemente por debaixo da media dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída non ten precedentes na serie histórica e contrasta notablemente co comportamento observado nos últimos anos, período no que Lugo rexistra subas case continuadas que levaron a acadar un máximo de demanda en novembro de 2018 con 22 mil noites. O descenso deste ano deixa o nivel final en pouco máis de seis mil noites.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores e coloca o nivel final en algo máis de tres mil.

- Mantense e mesmo se agrava o comportamento negativo da demanda hoteleira en Lugo nestes meses posteriores ao primeiro estado de alarma, con descensos que igualan ou superan o 60% interanual con carácter xeral desde o mes de xullo.
- Neste mes o 94% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 6% restante é de orixe internacional.
- En novembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 68% o turismo de ámbito nacional e do 78% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo –aínda que as diferenzas son menores ás observadas en meses anteriores- de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 92% do total das noites hoteleiras en novembro do pasado ano ao 94% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase un leve incremento da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, sobe un 2,0% para situarse en 1,85 noites –a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia só por diante do valor de Ourense-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 23,5% en relación ao pasado ano, con 1.300 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 400 prazas menos que en novembro de 2019-.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se registre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 39,4% en novembro do pasado ano ao 16,0% deste ano-. A perda supera levemente os 23 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste mes –nun 7,4% en particular- situándose en 41,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 49% para situarse en 10,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de novembro 2012-20

CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

		Novembro 2020
VIAXEIROS	Nº	2.951
	Var. 20/19	-73,3%
PERNOCTACIÓNS	Nº	4.490
	Var. 20/19	-75,4%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,52
	Var. 20/19	-7,8%
OCUPACIÓN (%)	%	12,86%
	Var. 20/19	-34,70
ADR (€)	€	52,0 €
	Var. 20/19	-2,8%
RevPAR (€)	€	9,4 €
	Var. 20/19	-69,8%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Novembro 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	2.700
	Var. 20/19	-72,3%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	251
	Var. 20/19	-80,9%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	4.006
	Var. 20/19	-74,9%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	484
	Var. 20/19	-79,0%

NOVEMBRO 2020

- No pasado mes de novembro rexístrase unha forte caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. A cifra de viaxeiros aloxados descende nun 73% e o volume de noites nun 75% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan na media de Galicia e dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída, sen precedentes na serie histórica, deixa o nivel final deste mes en preto de 4.500 noites, dato que supón un mínimo na serie histórica e que ademais se sitúa entre os máis baixos dos destinos urbanos da comunidade.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe coa serie de anos anteriores e coloca o nivel final por debaixo dos tres mil no mes de novembro.

- Neste mes o 89% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede das restantes comunidades autónomas- mentres que tan só o 11% restante é de orixe internacional.
- En novembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes e parellas en intensidade pois descende entorno ao 75% o turismo nacional e un 79% o internacional. Con isto o peso dos dous segmentos de mercado varía levemente en relación ao observado en novembro do pasado ano.
- Neste contexto negativo a estadía media nos hoteis e pensións da cidade descende por segundo ano consecutivo –en particular un 7,8% neste 2020- para situarse en pouco máis de 1,5 noites. É a cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.
- Descende o nivel de demanda nun contexto de caída da oferta dispoñible. O volume de prazas ofertadas baixa un 8,9%, con algo máis de 1.100 prazas de media mensual. Neste sentido Ourense é unha das cidades que nestes meses mellor conseguiu manter a oferta de prazas.
- O descenso da demanda provoca neste caso un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 47,6% en novembro do pasado ano ao 12,9% deste ano-. A notable perda achégase aos 35 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano no contorno da media da comunidade.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes –un 2,8% en particular- situándose en 52,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambos factores levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 69,8% para situarse en 9,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de novembro 2012-20



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

		Novembro 2020
VIAXEIROS	Nº	1.481
	Var. 20/19	-80,5%
PERNOCTACIÓNS	Nº	2.827
	Var. 20/19	-83,2%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,91
	Var. 20/19	-14,0%
OCUPACIÓN (%)	%	8,60%
	Var. 20/19	-34,52

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Novembro 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	1.427
	Var. 20/19	-76,2%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	53
	Var. 20/19	-96,7%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	2.664
	Var. 20/19	-79,6%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	163
	Var. 20/19	-95,7%

NOVEMBRO 2020

- No pasado mes de novembro rexístrase unha forte caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 80% e o volume de noites un 83% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que colocan a Pontevedra, xunto con Santiago, no destino urbano de peor comportamento neste undécimo mes do ano.
- Cae a demanda logo de rexistrar crecementos consecutivos nos últimos anos, de diversa intensidade, que levaron a acadar un máximo de demanda en novembro de 2019 con preto de 17 mil noites. O forte descenso deste 2020 –que supón reter menos do 20% das noites do pasado ano- coloca a cifra final en preto de tres mil noites.
- Con isto Pontevedra sitúase como o destino urbano de menor volume e peso da demanda hoteleira na comunidade.
- Neste mes o 94% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 6% restante é de orixe internacional.

- En novembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 80% o turismo de ámbito nacional e do 96% o internacional –porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo –a pesar da forte caída- de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 78% do total das noites hoteleiras en novembro do pasado ano ao 94% actual. A diferenza sitúase nos 17 puntos porcentuais –igual que en outubro- e coloca a porcentaxe deste ano na máis elevada da serie.
- Neste contexto negativo descende tamén a estadía media nos hoteis e pensións da cidade -nun 14,0% en particular-, colocando a cifra final en 1,9 noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde tamén cae a oferta dispoñible –nunha porcentaxe inferior, concretamente nun 16%- ficando levemente por encima das mil prazas. Tal circunstancia leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 43,1% en novembro do pasado ano ao 8,6% actual-. A perda achégase aos 35 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de novembro 2015-20



CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela

		Novembro 2020
VIAXEIROS	Nº	5.222
	Var. 20/19	-88,4%
PERNOCTACIÓNS	Nº	13.700
	Var. 20/19	-84,2%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,62
	Var. 20/19	36,6%
OCUPACIÓN (%)	%	8,83%
	Var. 20/19	-30,40
ADR (€)	€	45,9 €
	Var. 20/19	-20,2%
RevPAR (€)	€	5,2 €
	Var. 20/19	-80,4%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Novembro 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	4.274
	Var. 20/19	-85,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	948
	Var. 20/19	-93,7%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	12.276
	Var. 20/19	-79,2%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.424
	Var. 20/19	-94,8%

NOVEMBRO 2020

- No pasado mes de novembro rexístrase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Compostela. En particular, descende de forma notable tanto a cifra de viaxeiros aloxados -nun 88%- así como o número de noites -nun 84% neste caso-, porcentaxes importantes que colocan a Santiago como o destino urbano de peor comportamento neste mes – xunto con Pontevedra presenta unha caída superior ao 80% interanual-.
- Significa isto que Compostela rexistrou neste ano o 16% do total das noites hoteleiras de novembro do pasado ano.
- Esta notable caída carece de precedentes na serie histórica e sitúa o nivel final deste mes en preto de 14 mil noites –dato que supón un mínimo na serie-. No pasado ano xeráranse, por exemplo, máis de 86 mil noites. Santiago pasa a ser o terceiro destino urbano máis importante

por detrás de A Coruña e Vigo –circunstancia que cambia pois habitualmente lidera o mercado turístico urbano da comunidade-.

- En termos de viaxeiros aloxados o descenso sitúa o volume final en algo máis de cinco mil.
- Neste mes o 90% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 10% restante é de orixe internacional.
- En novembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes e de notable intensidade -do 79% o turismo de ámbito nacional e do 95% o internacional-. En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 68% do total das noites hoteleiras en novembro do pasado ano ao 90% actual.
- Acontece o contrario co turismo internacional que perde neste mes máis de 20 puntos no seu peso sobre o total da demanda. Isto leva a unha caracterización do mercado insólita na cidade pois nunca antes o segmento internacional representara menos do 20% do total neste undécimo mes do ano.
- Neste contexto negativo a estadía media rexistra un incremento moi notorio, do 37% en particular, situando o nivel medio en pouco máis de 2,6 noites. Contrasta este salto coa evolución máis moderada –positiva e/ou negativa- que se viña rexistrando nos últimos anos e coloca a cifra deste 2020 nun máximo da serie histórica.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 29% en relación ao pasado ano, con pouco máis de cinco mil prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón entorno a 2.100 prazas menos que en novembro de 2019-.
- O descenso da oferta é en todo caso inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 39,2% en novembro do pasado ano ao 8,8% deste ano-. A perda é de 30 puntos porcentuais –similar á rexistrada no verán- e coloca a porcentaxe deste ano na segunda máis baixa dos destinos urbanos de Galicia –só Pontevedra ten unha cifra inferior-.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste mes de novembro –nun 20,2% en particular- situándose en 45,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambos factores levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 80,4% para situarse en 5,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Compostela. Mes de novembro 2012-20

CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

		Novembro 2020
VIAXEIROS	Nº	8.539
	Var. 20/19	-72,5%
PERNOCTACIÓNS	Nº	25.264
	Var. 20/19	-61,3%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,96
	Var. 20/19	40,7%
OCUPACIÓN (%)	%	20,24%
	Var. 20/19	-26,35
ADR (€)	€	46,7 €
	Var. 20/19	-17,6%
RevPAR (€)	€	11,9 €
	Var. 20/19	-63,3%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Novembro 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	7.527
	Var. 20/19	-68,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	1.012
	Var. 20/19	-85,3%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	21.186
	Var. 20/19	-59,6%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	4.078
	Var. 20/19	-68,3%

NOVEMBRO 2020



- No pasado mes de novembro rexístrase igualmente un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. A cifra de viaxeiros aloxados descende nun 72% e o volume de noites nun 61% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan en todo caso por debaixo da media dos destinos urbanos da comunidade, cun comportamento semellante ao rexistrado en A Coruña.
- Esta notable caída non ten precedentes na serie histórica e contrasta ademais coa tendencia positiva que se viña rexistrando nos últimos anos, de crecementos case continuos no período 2014-19 que levaron a acadar un máximo da serie histórica xustamente no pasado ano con máis de 65 mil noites. O descenso deste ano coloca a cifra final de novembro en máis de 25 mil noites –xunto con A Coruña é a máis elevada dos destinos urbanos de Galicia–.

- En termos de viaxeiros acontece algo semellante, rexistrando máis de oito mil neste caso.
- Neste mes o 84% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 16% restante é de orixe internacional.
- En novembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes con pequenas diferenzas de intensidade -do 60% o turismo de ámbito nacional e do 68% o internacional-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 80% do total das noites hoteleiras en novembro do pasado ano ao 84% actual –con catro puntos de mellora que perde, en paralelo, o segmento internacional-.
- Neste contexto negativo os hoteis e pensións de Vigo rexistran neste mes un notable incremento da estadia media. En particular, sobe en algo máis dun 40% para situarse en 3,0 noites –a terceira cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia por detrás dos valores de A Coruña e Ferrol-. O incremento atinxe tanto ao viaxeiro nacional –cun 30%- coma ao estranxeiro –que supera en algo máis do dobre a cifra do pasado ano-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas descende nun 10,4% en relación ao pasado ano, con algo máis de catro mil prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 500 prazas menos que en novembro de 2019-.
- O descenso da oferta é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 46,6% en novembro do pasado ano ao 20,2% deste ano-. A perda supera os 26 puntos porcentuais –semellante á dos tres últimos meses- e coloca a porcentaxe deste ano na máis elevada dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes –nun 18% en particular- situándose en 46,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Tal circunstancia leva a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 63% para situarse en 11,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.


Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de novembro 2012-20



ANEXO - GRÁFICOS

Noites hoteleiras nos destinos urbanos de Galicia. Novembro 2020*Variación das noites hoteleiras nos destinos urbanos de Galicia. Novembro 2020/19*

Estadía media hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Novembro 2020



Ocupación hoteleira e variación interanual nos destinos urbanos de Galicia. Novembro 2020

